



ASUNTO: MODIFICACIÓN SERVIZOS BIBLIOTECA FASE 2

ASUNTO: DECRETO MODIFICACIÓN CONDICIÓNS DE USO DA BIBLIOTECA MUNICIPAL E OS SEUS SERVIZOS DE ACORDO COA FASE 2 DE DESESCALADA

- O 13/05/2020 mediante decreto da alcaldía N^o 657 acordouse:

“PRIMEIRO.- Proceder á reapertura da biblioteca de titularidade do Concello de Monforte de Lemos, para as actividades de préstamo e devolución de obras, lectura en sala, así como para información bibliográfica e bibliotecaria.

SEGUNDO.- Dispoñer que non poderán levar a cabo actividades culturais, actividades de estudo en sala ou de préstamo interbibliotecario, así como calquera outro servizo destinado ao público distinto dos mencionados no parágrafo anterior.

Así mesmo, non se poderá facer uso dos ordenadores e medios informáticos da Biblioteca Municipal destinados para o uso público dos cidadáns, así como de catálogos de acceso público en liña ou catálogos en fichas da biblioteca.

TERCEIRO.- As obras serán solicitadas polos usuarios e proporcionadas polo persoal da Biblioteca Municipal. Unha vez consultadas, depositaranse nun lugar apartado e separadas entre si durante polo menos catorce días. As coleccións de libre acceso permanecerán pechadas ao público.

CUARTO.- Dispoñer as seguintes medidas de hixiene e/ou de prevención na Biblioteca Municipal:

1. Antes da reapertura ao público da Biblioteca Municipal a responsable deberá adoptar as seguintes medidas en relación coas instalacións.

a) Proceder á limpeza e desinfección das instalacións, mobiliario e equipos de traballo.

b) Nas zonas de acceso e nos puntos de contacto co público, situaranse dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade.

c) Instalación de pantallas protectoras, biombos ou paneis de protección cando sexa necesario. Así mesmo, deberán fixarse marcas no chan para indicar ás persoas que se dirixan aos postos de atención ao público onde teñen que colocarse para respectar a distancia mínima de seguridade.

d) Pechar, panelar, instalar balizas, acordoar ou instalar outros elementos de división para impedir o acceso aos usuarios ás zonas non habilitadas para a circulación dos usuarios.

e) Clausurar os ordenadores de uso público, catálogos de acceso público en liña e outros catálogos, que só poderá utilizar o persoal da Biblioteca.

f) Habilitar un espazo na Biblioteca para depositar, durante polo menos catorce días, os documentos devoltos ou manipulados e dispoñer de carros suficientes para o seu traslado.

2. A responsable da Biblioteca Municipal deberá organizar o traballo de modo que se garanta que a manipulación de libros e outros materiais realízase polo menor número de traballadores posibles.

por cento para garantir que se cumpren as medidas de distancia social.

4. Para o desenvolvemento das actividades previstas neste Decreto, cumpriranse as seguintes medidas de hixiene e/ou prevención:



FIRMAS Y FECHAS





a) levará a cabo a limpeza e desinfección do centro nos termos previstos no artigo 6 da Orde SND/399/2020, do 9 de maio.

b) A organización da circulación de persoas e a distribución de espazos deberá modificarse, cando sexa necesario, co obxectivo de garantir a posibilidade de manter as distancias de seguridade interpersonal esixidas en cada momento polo Ministerio de Sanidade.

3. A responsable da Biblioteca Municipal establecerá unha redución do aforo ao trinta por cento para garantir que se cumpren as medidas de distancia social.

4. Para o desenvolvemento das actividades previstas neste Decreto, cumpriranse as seguintes medidas de hixiene e/ou prevención:

a) levará a cabo a limpeza e desinfección do centro nos termos previstos no artigo 6 da Orde SND/399/2020, do 9 de maio.

b) A organización da circulación de persoas e a distribución de espazos deberá modificarse, cando sexa necesario, co obxectivo de garantir a posibilidade de manter as distancias de seguridade interpersonal esixidas en cada momento polo Ministerio de Sanidade.

c) Os lugares de atención ao público dispoñerán de medidas de separación entre os traballadores da biblioteca e os usuarios.

d) Sen prexuízo do disposto no artigo 24. f) da Orde SND/399/2020, do 9 de maio, non se desinfectarán os libros e publicacións en papel.

e) Nas zonas de acceso e nos puntos de contacto co público, situaranse dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade.

f) No caso de que os visitantes teñan que utilizar os aseos será de aplicación o previsto no artigo 6.5 da Orde SND/399/2020, do 9 de maio.

QUINTO.- Dispoñer que na Biblioteca Municipal instálense carteis e outros documentos informativos sobre as medidas hixiénicas e sanitarias para o correcto uso dos servizos bibliotecarios. A información ofrecida será clara e expoñerase nos lugares máis visibles, como lugares de paso, mostradores e entrada da biblioteca.

SEXTO.- Proceder á publicación do presente Decreto na páxina Web do Concello..”

- o 24/05/2020 publicase no BOE a Orde SND/442/2020, de 23 de maio, pola que se modifica a Orde SND/ 399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas trala declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade e a Orde SND/414/2020, de 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas trala declaración do estado de alarma en aplicación da fase 2 do Plan para a transición cara unha nova normalidade, declarando o pase da comunidade autónoma de Galicia a Fase 2.

- A Orde SND/414/2020, de 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas trala declaración do estado de alarma en aplicación da fase 2 do Plan para a transición cara unha nova normalidade, dispón en canto as bibliotecas, no seu artigo 24;





“Artículo 24. Servicios autorizados en las bibliotecas.

- 1. Las bibliotecas, tanto de titularidad pública como privada, prestarán los servicios establecidos en la Orden SND/399/2020, de 9 de mayo, y los expresamente previstos en el presente artículo.*
- 2. Podrán llevarse a cabo actividades de consulta en sala siempre que no se supere un tercio del aforo autorizado. Cuando un usuario abandone un puesto de lectura, éste habrá de ser limpiado y desinfectado.*
- 3. Se podrá hacer uso de los ordenadores y medios informáticos de las bibliotecas destinados para el uso público de los ciudadanos, así como de catálogos de acceso público en línea, catálogos en fichas de la biblioteca o publicaciones electrónicas. Todos ellos deberán limpiarse después de cada uso.*
- 4. Se permitirá el préstamo interbibliotecario entre las bibliotecas ubicadas en alguna de las unidades territoriales previstas en el anexo, debiéndose proceder con las obras objeto de este préstamo del mismo modo que con las obras de préstamo domiciliario.*
- 5. No obstante lo establecido en los apartados anteriores, las salas infantiles y las colecciones de libre acceso permanecerán cerradas. 6. Serán de aplicación las medidas de higiene, prevención y de información previstas en los artículos 24 y 25 de la Orden SND/399/2020, de 9 de mayo.”*

Con base no anteriormente exposto e en virtude das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o art. 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia,

DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Que para o uso da biblioteca municipal e os seus servizos se debe estar ó disposto na Orde SND/414/2020, de 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas trala declaración do estado de alarma en aplicación da fase 2 do Plan para a transición cara unha nova normalidade, dispón en canto ós velorios e enterros, concretamente no seu artigo 24;

“Artículo 24. Servicios autorizados en las bibliotecas.

- 1. Las bibliotecas, tanto de titularidad pública como privada, prestarán los servicios establecidos en la Orden SND/399/2020, de 9 de mayo, y los expresamente previstos en el presente artículo.*
- 2. Podrán llevarse a cabo actividades de consulta en sala siempre que no se supere un tercio del aforo autorizado. Cuando un usuario abandone un puesto de lectura, éste habrá de ser limpiado y desinfectado.*
- 3. Se podrá hacer uso de los ordenadores y medios informáticos de las bibliotecas destinados para el uso público de los ciudadanos, así como de catálogos de acceso público en línea, catálogos en fichas de la biblioteca o publicaciones electrónicas. Todos ellos deberán limpiarse después de cada uso.*
- 4. Se permitirá el préstamo interbibliotecario entre las bibliotecas ubicadas en alguna de las unidades territoriales previstas en el anexo, debiéndose proceder con las obras objeto de este préstamo del mismo modo que con las obras de préstamo domiciliario.*



FIRMAS Y FECHAS





5. No obstante lo establecido en los apartados anteriores, las salas infantiles y las colecciones de libre acceso permanecerán cerradas. 6. Serán de aplicación las medidas de higiene, prevención y de información previstas en los artículos 24 y 25 de la Orden SND/399/2020, de 9 de mayo.”

Segundo.- Dar traslado do presente decreto as dependencias municipais afectadas e insírase na páxina web do Concello de Monforte de Lemos.

Monforte de Lemos a data da sinatura dixital.

O ALCALDE,

Asdo.- José Tomé Roca

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 25/05/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 25/05/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/05/2020 21:16:47

